

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE E IDONEIDADE DO PLAN DIRECTOR DA INDUSTRIA DAS TIC**

### **1. INTRODUCCIÓN**

---

A actividade industrial é unha fonte de riqueza e emprego, que constitúe a base produtiva do crecemento económico; ademais, ten un efecto tractor e multiplicador sobre o resto dos sectores produtivos.

Unha industria forte resulta clave para aumentar a produtividade, e a súa expansión conleva o impulso da innovación tecnolóxica, unha mellor capacidade exportadora e un avance dos procesos de xestión e fabricación.

Actualmente o sector industrial estase a enfrontar a múltiples desafíos nun camiño de modernización e dinamización sen precedentes e dentro dun contexto de transformación verde e dixital. Unha industria sólida e diversificada debe fomentar a competitividade e, ao mesmo tempo, a industrialización debe ser sostible, tendo en conta o uso eficiente dos recursos, a redución das emisións de carbono e a adopción de prácticas responsables co medio ambiente. Deste xeito, a descarbonización da industria, a transición enerxética e a dixitalización son os vectores claves que marcan este proceso transformador.

Tendo en conta estes novos condicionantes, as actividades industriais precisan reinventarse constantemente e investir en novos desenvolvementos de produtos, en novas liñas de negocio e en novos mercados. Esta transformación constante exige ir adoptando decisións estratéxicas transcendentais que faciliten o posicionamento empresarial, co fin de propiciar unha mellor capacidade de adaptación da nosa industria aos novos requirimentos produtivos. Ademais, o éxito deste cambio debe ir acompañado dun entorno industrial facilitador e da necesaria cualificación do capital humano.

### **2. MARCO NORMATIVO**

---

A Xunta de Galicia considera fundamental desenvolver unha estratexia de política industrial dirixida a facilitar o proceso de transformación das industrias galegas, así como a impulsar as oportunidades para esta comunidade autónoma asociadas á evolución tecnolóxica e aos novos sectores produtivos, co obxectivo último de impulsar a actividade industrial en Galicia, incrementar a competitividade da industria galega e xerar emprego de calidade.



Con este fin, a lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduciu unha serie de modificacións no Texto refundido das disposicións legais da comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro. Concretamente, dentro da materia de planificación da política industrial, introduce novos instrumentos estratéxicos a desenvolver: os plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 61.1 do antedito texto refundido define os plans directores como instrumentos de carácter estratéxico, que teñen como fin potenciar o desenvolvemento da actividade industrial no sector concreto que corresponda, a través da definición das medidas necesarias para o seu impulso, de cara a avanzar no fortalecemento en todo o sector industrial da comunidade Autónoma de Galicia e na conseguinte creación e mantemento de emprego industrial.

O artigo 62.1 indica que, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, e a proposta xustificada da persoa titular da consellería con competencias en materia de industria, determinaranse os sectores industriais que se consideran estratéxicos aos efectos da elaboración dos plans directores previstos con competencias en materia de industria. Porén, no caso dos sectores industriais que afecten a competencias de varias consellerías da Xunta de Galicia, a proposta de acordo realizarase de forma conxunta pola persoa titular da consellería con competencias en materia de industria e pola persoa ou persoas titulares do resto de consellerías afectadas.

A determinación dos sectores industriais estratéxicos para Galicia poderá realizarse de forma conxunta, agrupando varios sectores, ou de forma paulatina, de acordo coas prioridades que se establezan e que se fundamentarán, entre outras variables, na situación do sector industrial e na súa capacidade de crecemento e xeración de emprego.

Como instrumento complementario das anteditas actuacións, recóllese tamén a elaboración do mapa industrial (artigo 63) que incluírá a información sobre a implantación actual dos distintos sectores a nivel territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de fomentar as sinerxías entre as distintas actividades industriais.

O artigo 65 detalla o procedemento de elaboración e aprobación dos plans directores dos distintos sectores industriais e, concretamente, o punto 3 deste artigo sinala que, con carácter previo á elaboración do anteproxecto, levarase a cabo unha consulta pública a través do Portal de transparencia e Goberno aberto, por un mínimo de 15 días naturais co obxecto de solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas polo futuro plan.



### **3. A INDUSTRIA DAS TIC**

---

A transformación dixital é un dos eixos claves que marcan o proceso de cambio que está a experimentar a industria, polo que se considerou como estratéxico a realización dun plan director da industria das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). Este sector considérase fundamental como creador de valor e polo seu papel na transformación dixital da industria en xeral, así como polas súas sinerxías con outros sectores relacionados e fundamentais para a implantación de innovacións tecnolóxicas.

Desde a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Consellería de Facenda e Administración Pública), remitiuse unha memoria xustificativa na que expoñen a necesidade de declarar o sector TIC como estratéxico para Galicia para os efectos da elaboración do correspondente plan director. Segundo datos manexados do 2022, estiman que o emprego neste sector situaríase entorno aos 21.803 traballadores/as, ademais de rexistrar un aumento de facturación e de considerarse un sector en expansión que actúa como panca doutros sectores. En termos de volume de negocios, as empresas do sector TIC acadaron un valor de 3.697 millóns de euros<sup>1</sup> no 2022, 450 millóns máis que no 2021.

Polo tanto, e dado que os plans directores dos distintos sectores industriais se irán elaborando e aprobando de forma paulatina, considérase necesario avanzar na elaboración do plan director da Industria das TIC, xa que a definición das medidas necesarias para o seu impulso, así como os resultados obtidos, poden contribuír ao avance e á mellora dos procesos de produción doutros sectores industriais cuxas actividades dependan, en certa medida, deles.

A elaboración dun plan director da industria das TIC en Galicia redundará nun tecido empresarial TIC máis forte e variado, cunha actividade orientada á exportación de produtos e á mellora dos sectores produtivos locais, onde a dixitalización é unha peza clave para a súa mellora e supervivencia.

### **4. DETERMINACIÓN DO CARÁCTER ESTRATÉXICO DA INDUSTRIA DAS TIC**

---

De acordo coa importancia da Industria das TIC en Galicia, as persoas titulares da Consellería de Facenda e Administración Pública, e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, propuxeron un proxecto de acordo polo que se determina o sector industrial da Industria das TIC como estratéxico, para os efectos da elaboración do seu plan director, ao Consello da Xunta de Galicia.

---

<sup>1</sup> Dato provisional.



Nesta proposta tívose en conta a necesidade e idoneidade da elaboración dun plan director para este sector, co fin de dispoñer dun instrumento de carácter estratéxico que permita potenciar o desenvolvemento da súa actividade industrial.

A declaración como sector estratéxico da Industria das TIC acordouse por parte do Consello da Xunta de Galicia o pasado 29 de febreiro do 2024.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral de Industria

Nicolás Vázquez Iglesias

